

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019463	Johan Carballeira	Bueu	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
FME	Fabricación mecánica	CBFME11	Fabricación e montaxe	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3025	Montaxe de equipamentos de climatización	2023/2024	4	97	115
MP3025_12	Operacións básicas en instalacións de ventilación	2023/2024	4	49	58
MP3025_22	Operacións básicas para a instalación de equipamentos de climatización	2023/2024	4	48	57

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	DANIEL MARTÍNEZ LORENZO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo profesional contén a formación asociada á función de montaxe de equipamentos de climatización doméstica e pequenas redes de ventilación.

A definición desta función abrangue aspectos como;

- Preparación das zonas de traballo.
- Montaxe de equipamentos domésticos de climatización.
- Montaxe de equipamentos de ventilación e construción de conductos de aire.
- Técnicas de seguridade aplicada á montaxe de instalacións de climatización.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Instalacións de ventilación: montaxe e funcionamento.	Descrición do funcionamento dunha instalación de ventilación e os seus elementos (equipamentos e conduction de aire) e maila súa execución en obra.	35	30
2	Iniciativa emprendedora na montaxe de instalacións de ventilación.	Desenvolvemento das capacidades para a iniciativa emprendedora no sector profesional da montaxe e mantemento das instalacións de ventilación.	8	7
3	Soportes das unidades exteriores de ventilación.	Montaxe de suxeicións e soportes para as unidades exteriores de ventilación (ventiladores, extractores, conduction) aplicando as normas de seguridade.	15	13
4	Elementos dunha instalación de climatización.	Identificación e funcionamento de cada un dos elementos básicos dunha instalación de climatización	25	22
5	Execución das instalacións de climatización.	Montaxe e posta en obra de todos os elementos e conduction dunha instalación de climatización no seu lugar axeitado.	25	22
6	Iniciativa emprendedora na instalación de equipamentos de climatización.	Desenvolvemento das capacidades para a iniciativa emprendedora no sector profesional da montaxe e mantemento das instalacións de climatización.	7	6

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Instalacións de ventilación: montaxe e funcionamento.	35

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Instala equipamentos de ventilación e condicións de aire, e describe o seu funcionamento e a secuencia de operacións	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Compilouse a documentación técnica salientable e, sobre o plano dunha instalación de ventilación unha vivenda ou edificio tipo, elaborouse un orzamento e unha folia de pedido de material para a súa posterior montaxe no taller de instalacións
CA1.2 Identificáronse elementos, dimensións e características dos condutos que se vaian instalar
CA1.3 Relacionouse o trazado da instalación coas perdas de carga
CA1.4 Recoñecéronse as principais características dos equipamentos de ventilación
CA1.5 Construíronse os condutos dunha rede de distribución de aire (en chapa, fibra de vidro ou PVC)
CA1.6 Realizáronse operacións de montaxe de condutos e elementos
CA1.7 Realizáronse probas de funcionamento da instalación de ventilación
CA1.8 Aplicáronse as medidas de prevención de riscos laborais requiridas
CA1.9 Colaborouse cos/coas compañeiros/as na montaxe das instalacións
CA1.10 Recolleuse a zona de traballo e aprovisionáronse os materiais sobrantes para a súa reutilización ou a súa reciclaxe

4.1.e) Contidos

Contidos
Interpretación de documentación técnica (perdas de carga, velocidades, diámetros de condutos, reixas, difusores, etc.).
OMantemento das instalacións de ventilación (CA1.11)

Contidos
<p>Ventiladores: tipos e características.</p> <p>Reixas e difusores: tipos e características.</p> <p>Técnicas de montaxe de ventiladores.</p> <p>Construción de condutos (en chapa ou fibra de vidro).</p> <p>Construcción de conductos de fibra de vidrio.</p> <p>Ferramentas para a construción de condutos (cortadoras de chapa, encartadoras e ferramentas manuais para fibra de vidro).</p> <p>Montaxe de condutos (sistemas para suxeitar e colgar).</p> <p>Aplicación das especificacións de prevención de riscos laborais requiridas.</p> <p>Reutilización e reciclaxe dos materiais e elementos das instalacións de ventilación (CA1.10)</p>

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Iniciativa emprendedora na montaxe de instalacións de ventilación.	8

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Recoñece as capacidades asociadas á iniciativa emprendedora, identificando os requisitos derivados da montaxe de instalacións de ventilación	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Caracterizouse o perfil de persoa emprendedora e describíronse os requisitos e as actitudes necesarias para a montaxe de instalacións de ventilación
CA2.2 Valorouse a importancia da iniciativa individual, da creatividade, da colaboración, da motivación e da formación no éxito na montaxe de instalacións de ventilación
CA2.3 Recoñece os factores de risco inherentes á actividade emprendedora relacionada coa montaxe de instalacións de ventilación

4.2.e) Contidos

Contidos
A persoa emprendedora na montaxe de instalacións de ventilación.
Iniciativa, creatividade, colaboración, motivación e formación na montaxe de instalacións de ventilación.
O risco como factor inherente á actividade emprendedora relacionada coa montaxe de instalacións de ventilación.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Soportes das unidades exteriores de ventilación.	15

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Monta soportes para unidades exteriores identificando e aplicando as normas de seguridade	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Interpretouse a documentación gráfica e recoñecéronse os elementos que haxa que instalar
CA3.2 Seleccionáronse os elementos de suxeición que hai que utilizar para a montaxe de unidades exteriores
CA3.3 Avaliouse o risco asociado ás operacións de montaxe que se vaian realizar
CA3.4 Seleccionáronse os equipamentos de protección necesarios para realizar a montaxe
CA3.5 Montáronse os elementos de seguridade necesarios para este tipo de instalación
CA3.6 Montáronse os soportes de suxeición das unidades exteriores

Criterios de avaliación
CA3.7 Comprobouse a fiabilidade da montaxe das suxeicións
CA3.8 Aplicáronse as especificacións de prevención de riscos laborais requiridas nas operacións de montaxe
CA3.9 Colaborouse cos/coas compañeiros/as na montaxe das suxeicións

4.3.e) Contidos

Contidos
<p>Riscos derivados da montaxe de instalacións de climatización.</p> <p>Estadas: tipoloxía; montaxe e utilización.</p> <p>Liña de vida: montaxe e utilización.</p> <p>Equipamentos de protección.</p> <p>Aplicación das especificacións de prevención de riscos laborais requiridas na montaxe.</p>

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Elementos dunha instalación de climatización.	25

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara as zonas de traballo identificando as operacións que se vaian realizar, os equipamentos e os materiais no taller de instalacións	NO
RA4 - Monta equipamentos domésticos de climatización, e describe o seu funcionamento e a secuencia de operacións	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Recoñecéronse os elementos que haxa que instalar
CA1.2 Interpretouse a documentación gráfica (debuxos e esbozos), identificando os elementos implicados nas instalacións de fontanaría
CA1.3 Identificouse o lugar de montaxe de cada equipamento
CA1.4 Identificouse o trazado dunha rede de condutos e as dimensións de cada tramo
CA4.1 Documentouse a interpretación das instalacións
CA4.2 Identificouse a función de cada elemento no conxunto da instalación

4.4.e) Contidos

Contidos
<p>Sistemas de unidades. Medida de magnitudes. Lonxitudes, superficies, volumes, presión e temperatura.</p> <p>Conceptos básicos de electricidade aplicada ao control dunha instalación de climatización formada por unha bomba de calor aire-aire, aire-auga e auga-auga, así como os elementos necesarios para o seu correcto funcionamento (termóstatos, radiadores, fancoils, cabezais electotérmicos e chan radiante, segundo proceda co equipamento instalado).</p> <p>Manexo de equipamentos de medida (termómetros, manómetros e flexómetro).</p> <p>Esquemas de instalacións. Sobre o esquema dunha instalación tipo dunha vivenda ou dun edificio, desenvolvemento do orzamento e o aprovisionamento de materiais para realizar a montaxe no taller de instalacións.</p> <p>Tipoloxía dos equipamentos.</p> <p>Introdución ao manexo de gases refrixerantes (carga e recuperación).</p> <p>Interpretación de documentación técnica.</p> <p>Evacuación de condensados (bombas de condensados).</p>

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Execución das instalacións de climatización.	25

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara as zonas de traballo identificando as operacións que se vaian realizar, os equipamentos e os materiais no taller de instalacións	NO
RA2 - Prepara os materiais e os equipamentos necesarios para a montaxe das instalacións	SI
RA4 - Monta equipamentos domésticos de climatización, e describe o seu funcionamento e a secuencia de operacións	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.5 Preparáronse os materiais e os equipamentos necesarios para realizar as instalacións
CA1.6 Realizáronse as tradeaduras necesarias para a ancoraxe dos elementos de suxeición dos equipamentos ou condutos
CA1.7 Montáronse os equipamentos de protección necesarios para os riscos que implica a montaxe (estadas, liña de vida, etc.)
CA1.8 Mantívose limpa e ordenada a zona de traballo
CA1.9 Aplicáronse as especificacións de prevención de riscos laborais e ambientais requiridas
CA1.10 Utilizáronse os equipamentos de protección necesarios para realizar os traballos con seguridade
CA2.1 Montáronse as unidades interiores e exteriores de equipamentos de climatización doméstica (bombas de calor aire-aire, aire-auga e auga-auga)
CA2.2 Montáronse as tubaxes de refrixerante e conectáronse aos equipamentos
CA2.3 Realizouse a instalación eléctrica e de control para o correcto funcionamento dos equipamentos

Criterios de avaliación
CA2.4 Montáronse dispositivos para a evacuación de condensados
CA2.5 Conectáronse os desaugadoiros dos equipamentos de climatización doméstica á rede de evacuación
CA2.6 Colaborouse cos/coas compañeiros/as na montaxe e posta en marcha das instalacións
CA2.7 Aplicáronse as medidas de prevención de riscos laborais e ambientais requiridas
CA2.8 Recolleuse a zona de traballo
CA2.9 Seleccionáronse os materiais sobrantes para a súa reutilización ou a súa reciclaxe
CA4.1 Documentouse a interpretación das instalacións
CA4.3 Seleccionouse o sistema de montaxe de cada equipamento e tubaxe
CA4.4 Seleccionouse a canalización eléctrica e os condutores para a montaxe dos equipamentos de climatización

4.5.e) Contidos

Contidos
Manexo de ferramentas portátiles (chicharra, curvadoras de tubo, cortatubos, alicates, chaves fixas, flexómetro, balanza de carga, bomba de baleiro e detector de fugas).
Aplicación das especificacións de prevención de riscos laborais e ambientais requiridas.
Introdución ao manexo de gases refrixerantes (carga e recuperación).
Tendido de tubaxes de refrixerante.
Proba de presión, baleiro e carga de refrixerante.
Aplicación das medidas de prevención de riscos laborais e ambientais requiridas.
Riscos derivados da montaxe de instalacións de climatización.
Estadas: tipoloxía; montaxe e utilización.
Liña de vida: montaxe e utilización.

Contidos
Equipamentos de protección. Aplicación das especificacións de prevención de riscos laborais requiridas na montaxe.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Iniciativa emprendedora na instalación de equipamentos de climatización.	7

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Recoñece as capacidades asociadas á iniciativa emprendedora, identificando os requisitos derivados da montaxe de equipamentos de climatización	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Caracterízase o perfil de persoa emprendedora e describíronse os requisitos e as actitudes necesarias para a montaxe de equipamentos de climatización
CA3.2 Valorouse a importancia da iniciativa individual, da creatividade, da colaboración, da motivación e da formación no éxito na montaxe de equipamentos de climatización
CA3.3 Recoñece os factores de risco inherentes á actividade emprendedora relacionada coa montaxe de equipamentos de climatización

4.6.e) Contidos

Contidos
A persoa emprendedora na montaxe de equipamentos de climatización. Iniciativa, creatividade, colaboración, motivación e formación na montaxe de equipamentos de climatización. O risco como factor inherente á actividade emprendedora relacionada coa montaxe de equipamentos de climatización.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Mínimos exigibles:

Para acadar a avaliación positiva deberase obter unha puntuación de 5 puntos como resultado da suma das porcentaxes das unidades didácticas.

A nota de cada unidade didáctica será a media das notas dos instrumentos de avaliación empregados. A nota da 1ª avaliación será a media das notas das UD's avaliadas totalmente. A nota da 2ª avaliación será a nota proporcional asignada a cada UD.

En cada unidade didáctica deberá superar cada un dos instrumentos que conteñan criterios de avaliación fixados como mínimos cunha nota mínima de 4

Para que un instrumento de avaliación que non conteña criterios de avaliación mínimos faga media deberá obterse unha puntuación mínima de 4.

Antes de cada unha das prácticas e probas se indicará ao alumnado se contén mínimos exigibles ou non.

No caso de non superar unha proba con criterios mínimos, a nota desa avaliación será de 4 ou se a media fora inferior, sería a nota media.

Criterios de cualificación:

Criterios dos instrumentos:

Listas de cotexo: De 0 a 10 puntos nunha escala (si/ non) a porcentaxe do instrumento de avaliación será do 35%

Táboas observación: De 0 a 10 puntos nunha escala (si/ non) a porcentaxe do instrumento de avaliación será do 35%

Probas obxectivas: De 0 a 10 puntos. O valor de cada pregunta e nº delas se indicará en cada proba, a porcentaxe do instrumento de avaliación será do 30%

Cada práctica será avaliada por unha lista de cotexo e/ou táboas de observación . A nota será de 0 a 10

Cada proba obxectiva escrita constará de varias preguntas. En cada proba se indicará o valor de cada pregunta sendo a nota de 0 a 10 puntos.

Aqueles alumnos que fosen sorprendidos copiando nunha proba terán que acudir directamente a proba extraordinaria de xuño cos contidos de dita proba.

Nas UD só sexán avaliadas con dous instrumentos de avaliación (proba escrita e táboa de obserbación ou lista de cotexo)os pesos serán 40% e 60% respectivamente.

A aplicación do proceso de avaliación continua require a asistencia regular do alumnado ás clases e ás demais actividades programadas. Para tal efecto, para ter dereito a ser avaliado, as faltas de asistencia non poderán ser superiores ó 10% da duración do módulo(21 sesións) . No caso de perda de dereito de avaliación continúa, o alumnado poderá acudir a unha proba extraordinaria en xuño.

Porcentaxe da cualificación das UD's:

UD 1 30%

UD 2 7 %

UD 3 13%
UD 4 22%
UD 5 22 %
UD 6 6%

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O alumnado de segundo curso que non poida acceder á FCT no período ordinario por ter módulos pendentes de primeiro e/ou segundo curso, poderá recuperalos neste mesmo período. Para este fin, o equipo docente asignaralle unha serie de actividades de recuperación para os módulos non superados, con indicación expresa da data final en que serán avaliados.

Os alumnos unicamente poderán recuperar de forma autónoma aquelas actividades ou traballos teórico-prácticos que pola súa composición poidan ser realizados por calquera alumno fora de horas de clase.

No caso de traballos prácticos no que o profesor teña que avaliar a destreza de cada alumno, como poidan ser os traballos de taller, estes traballos non poderán realizarse nunca sen a supervisión do profesor do módulo.

As actividades de recuperación versará sobre aquelas prácticas ou contidos teóricos ou teórico-prácticos onde o alumno manifestase unha maior dificultade.

No caso de que se suspenda algunha unidade formativa do módulo (nota inferior a 5) recuperaranse unicamente as variables (contidos, procedementos, actitudes) cunha nota inferior a 5. En todo caso esta recuperación farase antes da sesión da avaliación final de abril e consistirá nunha proba teórica ou práctica ou ámbalas dúas. As probas a realizar na recuperación serán similares ás da avaliación.

De superar ás probas, iniciarase o proceso para realizar ás FCT. No caso contrario, seguirá asistindo a clase ata finais de xuño, realizando actividades de reforzo para superar as diferentes partes non superadas.

Se en xuño supera tódalas partes do módulo, solicitaranse as FCT para o mes de setembro. Cando o alumno non supere no mes de xuño o módulo, o alumno terá que volver a cursar o módulo na súa totalidade.

Para aprobar o módulo a nota final deberá ser igual ou maior a 5. Así mesmo e requisito indispensable para aprobar o módulo ter en cada un dos apartados unha nota mínima dun 5.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Os alumnos con perda de dereito a avaliación continua realizarán dos tipos de probas. Un examen de carácter teórica-práctico onde englobará algúns dos contidos mínimos esixibles e outro examen práctico onde se plantexará diferentes exercicios prácticos. As probas serán valoradas numericamente dende 1 a 10.

Farase unha media aritmética das dúas probas, a número resultante será a nota final do módulo. En ningún caso, se fará a media aritmética se algunha das probas non alcanza un mínimo de 3,5 do contrario a nota

final non superará un catro.

Os alumnos que non traigan o material necesario para a realización das probas, non terán dereito a realizalo e a nota final da proba será un 1.

Todo alumno que non siga as normas de seguridade propias dun taller será retirado da proba, a nota final será un 1.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación farase a través da aplicación da consellería que deberá realizarse cunha frecuencia mínima mensual. Indicaranse as datas de inicio e final de cada unidade didáctica, as sesións realizadas, as propostas de mellora, de ser o caso, e o grao de cumprimento.

O seguimento das unidades didácticas completaranse con información das actividades programadas indicando o número de sesións realizadas en cada actividade, o comentario xeral da actividade e as propostas de mellora, de ser o caso.

No caso de non cumprirse o planificado indicaranse os motivos e as medidas a adoptar para mellorar a programación.

O seguimento de avaliación docente se fará de acordo co proceso de programación, mediante a enquisa ao alumnado trimestral onde se indica a satisfacción do módulo e se detectan posibles problemas para tomar as medidas correctoras necesarias de acordo con xefatura de estudos e o titor/a de grupo.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao principio de curso, unha vez pechado o prazo de matrícula, o equipo docente celebrará unha xuntanza de avaliación inicial para coñecer as características e a formación previa de cada alumno/a. Nesta avaliación o titor/a dará toda a información dispoñible sobre as características xerais do grupo. Realizarase unha proba de contidos básicos para ver o nivel, por suposto non ten unha nota numérica, soamente é unha ferramenta para ver o nivel académico dos alumnos.

En base a toda esta información tomaranse os acordos pertinentes, especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización modular na duración das ensinanzas.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Os alumnos/as que durante o transcurso do curso non cumpran coas expectativas marcadas polo profesor, o profesor realizará unha atención máis individualizada co alumno/a, ou alumnos/as, esta atención incluíra os seguintes apartados.

-Atención máis individualizada.

- Relización de aqueles traballos nos que non acadou ó mínimo esixible.
- Traballo en equipo con aqueles alumnos máis avanzados.

Estas accións nunca influirán nos contidos mínimos esixidos na programación.

Para os alumnos con transtorno de déficit de atención (TDA) coa axuda do equipo de orientación realizaranse unha modificación nas tarefas serán curtas, estruturadas e motivadoras, poucas, variadas e supervisadas no momento.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A educación en valores preséntase como un conxunto de contidos que interactúan en todas as áreas do Currículo escolar, e o seu ensino afecta á globalidade do mesmo; non se trata dun conxunto de ensinos autónomos, senón máis ben, dunha serie de elementos de aprendizaxe sumamente globalizados.

Partimos do convencemento de que a educación en valores debe impregnar a actividade docente e estar presentes na aula de forma permanente, xa que se refiren a problemas e preocupacións fundamentais da sociedade.

Ademais de coidar o uso da linguaxe e de revisar coidadosamente os textos e ilustracións para que non conteñan ningún elemento que poida atentar contra a igualdade, a tolerancia ou calquera dos dereitos humanos, a programación suscita directamente aqueles temas transversais aos que os contidos desenvolvidos se prestan especialmente.

- Educación para a saúde. Farase fincapé sobre a importancia do uso correcto da normativa para cumprir os requisitos de seguridade estrutural. Tamén é importante concienciar ao alumnado para que desenvolvan hábitos saudables cando traballan con ordenadores e promover unha participación activa na consecución dun lugar ordenado e un ambiente san e agradable.
- Educación moral e cívica. Potenciarase o interese e respecto cara ás solucións construtivas adoptadas por outras persoas, culturas ou épocas para resolver un problema estrutural facendo unha crítica construtiva e tendo en conta o desenvolvemento tecnolóxico.
- Educación para a paz. Propóñense os seguintes obxectivos:
 - Adoptar unha actitude aberta e flexible ao explorar e desenvolver as propias ideas.
 - Aceptar as ideas, os traballos e as solucións dos demais con espírito tolerante e de cooperación.
 - Adoptar unha actitude paciente e perseverante ante as dificultades e os obstáculos imprevistos.
 - Mostrar disposición e iniciativa persoal para organizar e participar solidariamente en tarefas de equipo.
- Educación ambiental e do consumidor. Valorarase criticamente o impacto social e medioambiental producido pola explotación, a transformación, o desbote de materiais e o consumo de recursos, buscando a solución de menor impacto, facendo un uso racional e adecuado de recursos e da enerxía, e fomentando a reciclaxe de materiais e obxectos.

Fomentaranse actitudes de coidado, protección e respecto polos ecosistemas a través das actividades no medio natural. Ademais, discutirase sobre o uso de materiais naturais ou transformados. Explicaráselles como o impacto da industria sobre o medio ambiente se pode reducir facendo un uso axeitado dos recursos e traballarase o tema da reciclaxe así como a redución do gasto enerxético.

- Educación para a igualdade de oportunidades entre ambos os sexos. O sector laboral no que poderíamos englobar este ciclo formativo estivo ocupado principalmente por homes. Debemos fomentar a igualdade entre alumnos e alumnas e promover un cambio na actitude social que sitúa ás mulleres nunha posición marxinal neste sector

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Aínda que nun principio no se contempla facer actividades extraescolares relacionados co módulo en cuestión, podería xurdir a posibilidade ó longo do curso de facer algunha saída a algunha empresa relacionada cos contidos que se desenrolan neste ciclo formativo ó que pertence este módulo.

En caso de organizar algunha saída o alumnado deberá facer un traballo explicativo relacionado coa visita.

10. Outros apartados

10.1) Incorporación de aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior

Na medida do posible, e da dispoñibilidade dos distintos talleres, reforzaranse os contidos prácticos, facendo especial fincapé no traballo que realizará cada alumno na empresa no que realice o módulo de prácticas, xa sexa: a execución das operacións básicas de fabricación; as técnicas mecánicas de labra (tradeadura, torneadura, fresaxe etc...); así como os contidos relacionados co emprego dos distintos equipamentos de soldadura.